# TRABALLANDO EN DIXITAL

# AULA VIRTUAL

- ACCESO
- O MEU PERFIL
- O CALENDARIO
- OS MEUS CURSOS
- O FORO DE NOVAS
- RECURSOS EDUCATIVOS
- ACTIVIDADES
- COMUNICACIÓN ENTRE OS PARTICIPANTES
- NOMEANDO FICHEIROS
- O TAMAÑO DOS FICHEIROS

# Como acceder a aula virtual

**Cunha busca en google: av ies o mosteiron. (unha vez feita podedes poñela en favoritos no voso navegador do ordenador)**

**Prema no botón para identificarte**




**O voso nome de usuario será o voso primeiro apelido + o voso primeiro nome, todo en minúsculas sen espazos e sen acento.**
**O contrasinal de inicio: mosteiron**

# O meu perfil




**Unha vez dentro aparece esta pantalla, onde atoparedes todos os cursos nos que esteades matriculados.**
**Se premades sobre o voso nome, podedes personalizar o voso perfil.**
**Importante: se poñedes unha foto persoal, calquera que busque o voso nome en google vai vela, mellor un avatar.**

**Se premedes no perfil podedes modificar os vosos datos**

# O meu perfil




**Se premedes en editar o perfil, podedes modificar os datos**

**Non modificar nin o nome de usuario nin os datos de nome e apelido**

**Unha opción recomendable e a de por o voso correo electrónico, deste xeito recibiredes comunicacións que vos facilite o seguimento das distintas actividades. ( recorde que para os menores de 14 anos, é aconsellable o correo dun dos pais, sempre que de o seu consentimento).**



# O meu perfil




**CAMBIA O CONTRASINAL: Prema sobre o lápis para poñer o novo contrasinal. Moi importante, a xestión de contrasinais é un tema moi serio, no poñades unha contrasinal que coincida coas que empreguedes nas vosas rrss. Pensade que esta plataforma traballa con usuario identificado, a vosa contrasinal é o voso seguro de que outros non usurpan a vosa identidade.**

# O calendario




**Premendo sobre o botón calendario situado na columna da dereita do voso perfil accededes ao calendario**

**Podedes seleccionar a vista, xeral ou para calquera dos cursos**

**No calendario, ademais das datas de entrega de tarefas da aula virtual, podedes consultar as datas de exames e entregas doutros traballos.**

# Os meus cursos




**Ao entrar na AV a páxina móstranos todos os cursos nos que estás matriculado/a**

**Na columna da esquerda tamén permite navegar polos distintos cursos nos que esteas matriculada/o**

# O foro de novas




Na cabeceira do curso atoparedes o foro de novas, onde podedes facer un seguimento das tarefas a realizar, debes consultar este foro no caso de que esteades en corentena o o centro estea pechado.

# Recursos educativos




Dentro dos temas os profesores poden achegarvos distintos recursos educativos: ficheiros con apuntes, enlaces a páxinas webs…, **é moi importante que dende o teu ordenador tablet ou móbil dispoñas dos programas que permitan ler ditos ficheiros.**

# Actividades




**Os profesores tamén poden empregar a aula virtual para que entreguedes traballos ou fagades actividades**



**Foro**



**Probas**



**Entrega de tarefas**



**Actividades interactivas**

# Comunicación entre os participantes dun curso




**Ao premer no teu nome despregase unha serie de opcións, xa o vimos ao editar o perfil, podemos seleccionar a opción de mensaxes, dende aí podemos enviar unha mensaxe a calquera membro do curso**

**Podemos consultar as cualificacións**

**Podemos consultar as cualificacións, tamén dende a tarefa ou a proba, unha vez que está cualificada.**

# Nomeando ficheiros

- Este apartado é moi importante:




Seleccionamos no campo de ficheiro, (archivo en castellano) a opción gardar como

Dámoslle o nome ao traballo

Escollemos o tipo de ficheiro que queremos crear, xeralmente non o debemos modificar xa que por defecto escolle o tipo de ficheiro do programa co que o fixeches

Permitimos que o programa xere a extensión

Dámoslle a gardar, escollendo o lugar onde o queremos gardar

A parte do nome do ficheiro que está diante do punto é a que podes modificar cando renomeas un ficheiro

**Traballando en dixital.odp**

**Nunca modifiques a extensión, é a información que precisa o ordenador para saber que programa empregar para abrir o ficheiro**

# O tamaño dos ficheiros

- Moitos de vos tendes problemas no momento de entregar un traballo debido a que a aula virtual ten límite de tamaños dos ficheiros que podes subir, o límite máximo é de 10 Mb.
- Esto soe acontecer cando lle achegades imaxes ao traballo, que soen pesar bastante, debedes reducir as imaxes, podedes facelo previamente ou unha vez pegadas modificar o tamaño das mesmas.

# Tamén podedes modificar o tamaño das imaxes dende o programa:




**1.- Seleccionades a imaxe.**
**2. Se premas o botón dereito do rato, sae un despregable onde podes seleccionar a opción de comprimir.**

**1.- Unha vez axustada a imaxe ao documento.**
**2. Prema o botón calcular novo tamaño.**
**3.- Aceptades, e listo.**